

## O Encontro Mundial de Humorismo vende máis de 8.300 entradas nun día

O público esgotou os billetes dispoñibles para os espectáculos 'Estirando el chicle en un castillo' e 'Juan Dávila: La capital del pecado 2.0'; e, no caso de 'Buenismo Show', 'Fantastic Colofon' e 'La Ruina', unicamente é posible obter butaca a través dos últimos abonos dispoñibles

O EMHU abre novas funcións para as galas 'Humoris Causa' e 'Animus Iocandi', que terán lugar na mesma xornada pero en horario de tarde



Ana Morgade, Eva Soriano, Sílvia Abril e Leo Harlem actuarán o 6 de maio na nova gala 'Animus Iocandi'

**A Coruña, 10 de marzo de 2023.-** O Encontro Mundial de Humorismo vendeu **máis de 8.300 entradas** nas primeiras 24 horas desde que se activou onte, ás 12.00 horas da mañá, a posibilidade de adquirir os billetes e abonos das sesións de pago do EMHU 2023. A cifra supera os datos de saída da pasada edición, que contaba con espectáculos de gran formato no Coliseum.

No momento da apertura do servizo, a plataforma web de ticketing [www.ataquilla.com](http://www.ataquilla.com) colapsou ante a masiva resposta do público, que esgotou en minutos as entradas dispoñibles para os espectáculos **Estirando el chicle en un castillo**, **La capital del pecado 2.0**, de Juan Dávila, ou **Buenismo Show**. Para a función de Quique Peinado, Henar Álvarez e Manuel Burque, que suporá a estrea do espectáculo en Galicia, xa non quedan entradas individuais dispoñibles, pero si que se poderá asistir ao adquirir algún dos abonos do EMHU que inclúen a proposta.



Nunha situación semellante á de **Buenismo Show** están **La Ruina**, **Fantastic Colofon** ou **Animus locandi**, a nova gala desta edición, programada para o sábado 6 de maio ás 22:00 horas, e que contará con Ana Morgade, Eva Soriano, Leo Harlem e Silvia Abril. Precisamente, ante a ampla demanda desta cita e da sesión do 29 de abril de **Humoris Causa** (con Dani Rovira, Eva Hache, Javier Cansado e Xosé A. Touriñán), ambas producións propias do evento, **o Encontro Mundial de Humorismo activou unha segunda función nos dous casos**. Os novos pases terán lugar na mesma xornada, pero en horario de tarde (ás 19.00 horas), para poder dar resposta así a alta demanda de billetes para estas actuacións exclusivas do EMHU.

## O EMHU 2023

O Encontro Mundial de Humorismo, promovido por Etiqueta Negra e El Espectador, e que conta co apoio do Concello da Coruña, Xunta de Galicia e Estrella Galicia, reunirá durante dez días na cidade herculina as figuras máis destacadas da comedia a nivel estatal. **Ana Morgade, Carolina Iglesias, Dani Rovira, Eva Hache, Eva Soriano, Henar Álvarez, Ignatius Farray, Javier Cansado, Javier Dávila, Javier Veiga, Leo Harlem, Luis Piedrahita, Manuel Burque, Marta Hazas, Pantomima Full, Sílvia Abril ou Xosé A. Touriñán**, entre outros moitos nomes, formarán parte do cartel desta terceira edición, na que se incluírán funcións do podcast **La Ruina**, a gravación en directo de **Estirando el chicle** desde o castelo de Santo Antón ou mesmo a estrea en España de **Garabato controlado**, o último espectáculo do arxentino Juan Barraza. Tamén haberá ocasión de volver gozar das actuacións dos influencers Animalize21, Car de Lorenzo, El Cejas ou Xurxo Carreño con **Sin datos no hay paraíso**, espectáculo que regresa ao evento un ano despois da súa estrea no Teatro Colón e logo de xirar por recintos de toda España.

Ademais destas citas, o EMHU será o escenario da estrea absoluta de dous novos traballos de **humoristas de Galicia: As R(h)umorosas**, creado por Marta Doviro, Carmen Méndez e Leticia Sola, e **Ansia viva**, de Oswaldo Digón e o músico Luis Tinaquero. Tamén conta con selo do país a película **Amigos hasta la muerte**, a adaptación cinematográfica de Javier Veiga sobre a exitosa obra teatral, que se estrea esta fin de semana no Festival de Málaga e que se proxectará o domingo 30 de abril no Teatro Colón. A sesión incluírá un breve coloquio e espectáculo que contará coa participación de **Marta Hazas, David Amor, Xosé A. Touriñán e o propio Veiga**.

Na mañá deste venres, 10 de marzo, esgotouse o **Abono bueno**, mais aínda é posible adquirir **as últimas unidades do Abono bueno, de lo bueno lo mejor, de lo mejor lo superior** (*Buenismo Show + Sin datos no hay paraíso + Humoris Causa + Ignatius Farray: La comedia salvó mi vida + Amigos hasta la muerte + Animus locandi + La Ruina + Fantastic Colofon*), así como das outras modalidades existentes: o **Abono bueno bueno** (*Juan Barraza: Garabato controlado + La Ruina + Animus locandi + Fantastic Colofon*) ou **Abono bueno, de lo bueno lo mejor** (*Buenismo Show + Sin datos no hay paraíso + Humoris Causa + Ignatius Farray: La comedia salvó mi vida + Amigos hasta la muerte*).

## HORARIOS PROGRAMACIÓN DE PAGO EMHU 2023

### Venres 28 de abril

21:30 horas | Teatro Colón: **Buenismo Show** \* (estrea en Galicia)

\* Entradas esgotadas, unicamente quedan billetes dispoñibles con abono.



### Sábado 29 de abril

17:00 horas | Teatro Colón: **Sin datos no hay paraíso**

19:00 horas | Pazo da Ópera: **Humoris Causa**

22:00 horas | Pazo da Ópera: **Humoris Causa**

### Domingo 30 de abril

16:00 horas | Castelo de Santo Antón: **Estirando el chicle en un castillo\***

\*Entradas esgotadas.

18:00 horas | Teatro Colón: **Ignatius Farray: La comedia salvó mi vida**

20:30 horas | Teatro Colón: **Amigos hasta la muerte**

### Luns 1 de maio

19:30 horas | Teatro Colón: **Juan Dávila: La capital del pecado 2.0** \*(estrea en Galicia)

\*Entradas esgotadas.

### Mércores 3 de maio

19:30 horas | Afundación: **As R(h)umorosas** (estrea absoluta)

### Xoves 4 de maio

21:00 horas | Afundación: **Ansia viva** (estrea absoluta)

### Venres 5 de maio

19:30 horas | Afundación: **Juan Barraza: Garabato controlado** (estrea en España)

### Sábado 6 de maio

12:30 horas | Teatro Colón: **La Ruina** \*

\* Entradas esgotadas, unicamente quedan billetes dispoñibles con abono.

19:00 horas | Palexco: **Animus locandi** (estrea absoluta)

22:00 horas | Palexco: **Animus locandi** \* (estrea absoluta)

\* Entradas esgotadas, unicamente quedan billetes dispoñibles con abono.

### Domingo 7 de maio

20:00 horas | Teatro Colón: **Fantastic Colofon**

\* Entradas esgotadas, unicamente quedan billetes dispoñibles con abono.

### Contacto de prensa EMHU 2023

The Office Comunicación

Lucía Pita - 675 404 321

Luisa Castiñeira - 620 113 155

[prensa@theofficeco.es](mailto:prensa@theofficeco.es)

Acceso á [sala de prensa](#) de EMHU 2023